

# XVIII Concurso de Tapas PICADILLO A Coruña 2022

## CONCURSO DE TAPAS PICADILLO - A Coruña 2022

O Consorcio de Turismo e Congresos (en diante, o Consorcio) convoca o “**XVIII Concurso de Tapas Picadillo**” da cidade de A Coruña, **do 3 ao 13 de novembro de 2022**, de acordo coas seguintes

### BASES

#### 1. PARTICIPANTES

Poderán participar todos os establecementos de hostalería da cidade da Coruña legalmente establecidos previa inscrición no prazo e forma indicados nestas bases.

#### 2. MODALIDADES DE PARTICIPACIÓN

Enténdese como Tapa: pequena porción dalgún alimento que se serve como acompañamento dunha bebida, e que normalmente precisa de cubertos para a súa degustación. Non se aceptarán como proposta para participar neste concurso os petiscos.

Establécense 2 modalidades: **Tapa Creativa e Tapa Receitario Picadillo**.

Entendéndose como Tapa Creativa a que utilice produtos, técnicas de elaboración e presentación innovadoras. E como Tapa Receitario Picadillo a que siga algunha das receitas salgadas características de Galicia recollidas na obra “A Cociña Práctica” de Picadillo.

Ademais, existe a categoría de participación **Maridaxe**. Poden participar nesta categoría as tapas Creativa e/ou Receitario Picadillo sempre que para o seu consumo combínese coa cervexa **1906 de Estrella Galicia**. O prezo da consumición (tapa + bebida) determinarao o participante, sempre respectando os límites establecidos para cada modalidade de tapa.

Organizan:



Colaboran:



# XVIII Concurso de Tapas PICADILLO A Coruña 2022

## 3. CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN

- Só poderán **participar tapas deseñadas e elaboradas especificamente para o Concurso.**
- Todas as tapas deberán ser **elaboradas de forma artesanal e destacando o produto galego**, preferiblemente produtos km0, ou pertencentes a unha denominación de orixe ou indicación xeográfica protexida de Galicia.
- **Non se aceptarán receitas precociñadas** en toda ou algunha dos seus partes.
- O **prezo de venda ao público das tapas** deberá estar comprendido entre 1,50€ e 3,50€
- O prezo das tapas **non poderá ser inferior ao custo real da súa elaboración.**
- Co fin de mellorar a oferta de tapas existentes, buscarase tamén a participación de opcións celíacas, vexetarianas, veganas.... Por outra banda, **non se admitirán máis de 2 tapas similares canto ao seu concepto.** O Consorcio resérvase o dereito de rexeitar ou solicitar novas propostas aos establecementos rexistrados. Neste sentido terase en conta a orde de inscrición.
- Os establecementos deberán achegar obrigatoriamente xunto coa súa solicitude de inscrición unha **fotografía da súa/s tapa/s presentada/s a Concurso.**
- Cada establecemento poderá concursar nunha ou nas dúas modalidades, pero **só poderá facelo cunha tapa en cada modalidade** que elixa.
- Os establecementos **poderán optar ou non a participar na categoría maridaxe** coa/s tapa/s presentada/s a Concurso.
- **Non se aceptarán cambios nas tapas e prezos** presentados a Concurso durante o tempo de duración do mesmo.
- As tapas **deberán servirse ao público tal e como os establecementos preséntenas á hora de facer a fotografía** para os soportes publicitarios (folleto, web, ...).

Organizan:



Colaboran:



# XVIII Concurso de Tapas PICADILLO A Coruña 2022

- As tapas **deberán de estar dispoñibles todos os días que dure o Concurso e no horario acordado** (excepto por peche habitual do establecemento). Non se admitirá a participación no Concurso a aqueles establecementos cuxos días de peche coincidan con períodos vacacionais, garantindo así unha participación equitativa entre os mesmos. Será obrigatorio que cada establecemento especifique o seu horario de apertura e días de peche na ficha de inscrición.
- A inscrición neste Concurso, implicará o **compromiso explícito de satisfacer a demanda**.
- Os establecementos participantes estarán obrigados a dar **a maior difusión do Concurso** nas súas redes sociais, así como de expor de forma visible o material promocional que se lles facilite.
- Os establecementos participantes estarán obrigados a dar un **informe final do número de tapas vendidas** e colaborar coa enquisa de valoración do evento.
- Os establecementos participantes estarán obrigados a respectar a normativa vixente e cumprir todos os **requisitos en materia hixiénico-sanitaria**.

Organizan:



Colaboran:



# XVIII Concurso de Tapas PICADILLO A Coruña 2022

## 4. PRAZOS E INSCRICIÓN

- A inscrición deberá realizarse antes do **13 de xullo, ás 14 horas**.

- A inscrición realizarase mediante formulario online, que poden solicitar no mail:  
[tapaspicadillo@gmail.com](mailto:tapaspicadillo@gmail.com)

A solicitude deberá conter os datos do establecemento participante, a/s modalidade/s nas que participa, os ingredientes e receita da/s tapa/s presentadas a Concurso, para valoración da organización e dos expertos independentes da fase previa.

- As peticións de inscrición serán atendidas por orde de chegada.

- Os datos de contacto da organización son:

### Oficina técnica do \*XVIII Concurso de Tapas Picadillo - A Coruña 2022

R/ Europa 3, baixo

15007 A Coruña

Teléfonos: 881 964 168 / 639 155 247 / 636 44 75 74

Mail: [tapaspicadillo@gmail.com](mailto:tapaspicadillo@gmail.com)

Web: <http://tapaspicadillo.es/>

Organizan:



Colaboran:



# XVIII Concurso de Tapas PICADILLO A Coruña 2022

## 5. PREMIOS

### A) Establecementos participantes:

Estableceranse os seguintes premios para os establecementos participantes:

#### PREMIOS POR VOTACIÓN DO XURADO

- **Premio Picadillo á Mellor Tapa Picadillo 2022:** Diploma acreditativo + 1.000 € (impostos incluídos)
- **Premio Picadillo á Mellor Tapa Receitario Picadillo 2022:** Diploma acreditativo + 1.000 € (impostos incluídos)

#### PREMIOS POR VOTACIÓN POPULAR

- **Premio Picadillo Cidade de A Coruña:** Diploma acreditativo + 500 € (impostos incluídos)
- **Premio Picadillo Maridaxe:** Diploma acreditativo + 500 € (impostos incluídos).

#### MENCIÓNS ESPECIAIS

- Premio Mención Especial: Diploma

O incumprimento das condicións de participación do Concurso, suporá a perda automática do premio e diploma correspondente.

### B) Público:

O público que consuma as tapas participantes poderá participar mediante a súa votación no sorteo de diferentes premios.

Organizan:



Colaboran:





## 6. FASES E DESENVOLVEMENTO DO CONCURSO

### A) PREMIOS MELLOR TAPA CREATIVA 2022 E TAPA RECEITARIO PICADILLO 2022

#### 1ª Fase do Concurso

Para ser admitido a Concurso, os establecementos deberán de superar unha fase previa de avaliación, facilitando a degustación da súa proposta de tapa/s ao equipo experto asignado para tal fin. No caso de que a resolución sexa negativa, disporase dun prazo para presentar unha nova tapa ou mellorar a presentada. Si non se cumpren os requisitos mínimos quedará excluído do Concurso.

#### 2ª Fase do Concurso

Os primeiros días do Concurso, un xurado de expertos valorará as tapas entre 0 e 10 puntos en cada un dos seguintes criterios: sabor, elaboración, presentación e relación calidade-prezo. A valoración global será a suma das valoracións parciais. Ao realizar a visita o experto identificarase e levantará acta da mesma.

Á vista da valoración dos expertos independentes, pasarán á segunda fase as 5 tapas que en cada modalidade consigan maior puntuación. En caso de empate, pasarán á segunda fase as tapas que obtivesen maior puntuación parcial tendo en conta da seguinte orde: sabor, elaboración, presentación e relación calidade-prezo.

#### 3ª Fase do Concurso

Para esta fase nomearase un novo xurado de expertos que valorará as tapas que superaron a 2ª fase do Concurso, de acordo con os criterios e mecánica anteriormente expostos.

### B) PREMIO CIUDADE DE A CORUÑA 2022 E PREMIO MARIDAXE 2022

Estes premios serán outorgados por votación popular a través dunha webapp específica. Cada cliente só poderá votar unha vez por cada premio e tapa diferente que consuma. Logrará o premio a tapa que obteña maior puntuación en cada modalidade.

# XVIII Concurso de Tapas PICADILLO A Coruña 2022

## 7.- ENTREGA DOS PREMIOS

Entregaranse os diplomas aos participantes e os premios aos gañadores nun acto que se celebrará na data que acorde o Consorcio.

Neste acto, estarán expostas as tapas finalistas en cada categoría. Por tanto, todos **os finalistas están obrigados a levar a súa tapa participante á entrega de premios para a súa presentación.**

Organizan:



Colaboran:

